



Boletín Informativo do Concello



Nº: 50 SETEMBRO 2011

Avisos.

Subvención rehabilitación de vivendas sitas nas parroquias polas que pasa o Camiño de Santiago (DOG. 149 de 4/8/2011)

O Instituto Galego de Vivenda e Solo convoca para este 2011 subvencións para o arranxo de vivendas sitas nas parroquias polas que pasa o Camiño de Santiago (Ánxeles, Boimil, Boimorto e Sendelle). O prazo para solicitar rematará o 1 de decembro do presente ano.

Esta subvención é compatible coas de remate e/ou reconstrución que se viña tramitando ata o de agora.

Para máis información diríxanse ao Concello onde lles darán información sobre ámbalas dúas subvencións.

Feira Mensual.

Este mes a feira mensual coincide coa Festa do Rosario en Boimorto, polo que, para non entorpecer no desenvolvemento normal da festa trasládase a feira para a rúa Asientos (DP-1002), o tramo que vai dende o Bar Cardelle ata a Rúa Boido permanecerá pechado ao tráfico dende as 9 da mañá ata as 3 da tarde.

Non deixen de vir a Boimorto xa que será unha mañá moi completa. Feira, actuación circense e festa todo nunha mesma xornada.

Servizos Sociais.

Infórmase aos veciños que no mes de setembro vólvense a por en marcha os

servizos que durante este mes de agosto pecharon por vacacións: O centro de Maiores, que abrirá de novo o 5 de setembro, e o Punto de Atención á Infancia, que o fará o vindeiro 1 de setembro.

Os horarios serán os mesmos que antes das vacacións.

Así mesmo aproveitamos este medio para lles recordar aos pais/nais que teñan fillos/as en idade de acudir ao PAI que temos prazas sen cubrir.

Deportes.

***CLÍNICA DE FÚTBOL SALA PARA RAPACES DE 7 A 14 ANOS:** o xoves 1 de setembro terá lugar ás 17:30 horas un clínic (adestramento teórico-práctico) dirixido por un adestrador do AutosLobelle e dous xogadores do equipo de división de honor (un deles Quintela). O número máximo de rapaces que poderán participar é de 30. Os interesados deberán inscribirse chamando por teléfono ó 981 51 60 20 ou pasando directamente polas oficinas da Casa do Concello. É totalmente de balde.

***AMISTOSO ENTRE O F.C. BOIMORTO E O AUTOSLOBELLE F.S.:** o xoves día 1 terá lugar as 20:30 horas no pavillón deportivo municipal un encontro amistoso entre estes dous equipos. A entrada será gratuíta hasta completar o aforo máximo das gradas.

*** Escolas Deportivas Municipais e Ximnasia de Mantemento:** o luns 19 de setembro ábrese o prazo para inscribirse

nas escolas deportivas municipais e tamén para a ximnasia de mantemento nas parroquias. Terá que haber un mínimo de 8 inscristos para que haxa grupo de ximnasia na parroquia. O prazo de inscrición remata o xoves 29 de setembro. Para inscribirse chamar por teléfono ó 981 51 60 20 ou ben pasar polas oficinas da Casa do Concello.

***V CARREIRA PEDESTRE E CANICROSS "Concello de Boimorto"**

O Domingo 18 de setembro temos unha nova cita co Atletismo en Boimorto. Celebrarase a 5º edición da Carreira Pedestre e Canicross de Boimorto.

As bases completas están a disposición dos interesados no Concello ou ben na web: www.concellodeboimorto.es.

Avisase aso veciños que durante toda a mañá haberá cortes na estrada que atravesa o pobo así como na Estrada de Lanzá.

Cultura

SÁBADO 3 DE SETEMBRO:

***Circo Chosco. Ás 12:00 horas no Campo do Rosario. Coincidindo coa Feira Mensual**

Comedia e Circo: malabares, equilibrios, aéreos, interpretación, risas, trampas e golpes

Colaboran:



DOMINGO 4 DE SETEMBRO:

***Festa infantil. Ás 17:00 horas no Campo do Rosario. (Se chove no Pavillón Municipal).**

Haberá actividades para os máis pequenos, inchables, música, talleres e festa da escuma.

PRÓXIMOS CURSOS SETEMBRO - OUTUBRO -NOVEMBRO E DECEMBRO

Os cursos serán un día á semana e os horarios decidiranse entre os participantes. O número de participantes será limitado polo que deben inscribirse canto antes.

Os cursos ofertados serán os seguintes:

***Iniciación á INFORMÁTICA:** Centro de Maiores (un día á semana) iniciación á informática dende un punto de vista básico (Windows, programas de tratamento de textos e iniciación a Internet)

***Iniciación á INTERNET e CORREO ELECTRÓNICO PARA ADULTOS**

Internet converteuse en poucos anos nun dos motores que move o mundo, a diario está presente na vida da maioría das nosas vidas, facilitando a comunicación (Chat,facebook,...) a busca de información, o seguimento das noticias en tempo real, ...

***Obradoiro RISOTERAPIA:** a risa é unha medicina gratuíta, técnicas de relaxación, liberar tensións, expresión corporal, xogos, exercicios de respiración, utilizando a risa como camiño para eliminar bloqueos emocionais, físicos e mentais (límite de participantes - por orde de inscrición)

***Obradoiros de PINTURA-DEBUXO** Haberá un para nenos/as e outro para adultos, buscando fomentar ás técnicas de pintura, a creatividade, como forma de desconectar do traballo ou como entretemento no tempo de ocio.

Para máis información e inscricións na Casa do Concello antes do 15 de setembro.

Colabora:

